

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18538** *Real decreto 1636/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX).*

O Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril, de medidas urxentes de impulso á internacionalización, crea a entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), como transformación da entidade de dereito público coa mesma denominación creada polo derogado Real decreto lei 6/1982, do 2 de abril, sobre investimentos públicos de carácter extraordinario e medidas de fomento da exportación. A disposición transitoria do citado Real decreto lei 4/2011 prevé que, no prazo de tres meses desde a súa entrada en vigor, o Goberno aprobará o Estatuto da entidade pública empresarial ICEX.

Baixo a forma de entidade pública empresarial, o ICEX poderá obter unha maior axilidade e eficiencia na súa xestión económica, aumentar a oferta de servizos e pór en marcha operacións de investimento financeiro, potenciando a capacidade de actuación e financiamento das empresas, en particular das pequenas e medianas empresas (pemes), nun contexto como o actual no cal resulta fundamental o apoio institucional á internacionalización e á mellora da súa competitividade.

O artigo 62.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, establece que os estatutos dos organismos autónomos e entidades públicas empresariais se aprobarán por real decreto acordado en Consello de Ministros, por iniciativa do titular do ministerio de adscrición e por proposta conxunta dos ministros de Administracións Públicas e de Economía e Facenda.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Industria, Turismo e Comercio, por proposta do ministro de Política Territorial e Administración Pública e da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Estatuto.*

Apróbase o Estatuto da entidade pública empresarial Instituto Español de Comercio Exterior (ICEX), cuxo texto se insire a continuación.

Disposición transitoria única. *Réxime orzamentario e contable durante 2011.*

O réxime orzamentario e contable da entidade pública empresarial ICEX durante o exercicio 2011, así como a formulación e rendición das contas anuais correspondentes ao dito exercicio, adecuarase á normativa orzamentaria e contable que era de aplicación á extinguida entidade de dereito público, e nela integrarase a xestión desenvolvida pola entidade de dereito público ICEX durante o dito exercicio.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 123/1985, do 23 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento do Instituto Español de Comercio Exterior, así como calquera disposición de igual ou inferior rango no que se opoña ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 14 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

O ministro da Presidencia,  
RAMÓN JÁUREGUI ATONDO

## ESTATUTO DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL INSTITUTO ESPAÑOL DE COMERCIO EXTERIOR (ICEX)

### CAPÍTULO I

#### Natureza e réxime xurídico

##### Artigo 1. *Natureza e adscrición.*

1. O Instituto Español de Comercio Exterior (en diante, o ICEX) é unha entidade pública empresarial das previstas no artigo 43.1.b) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, que se rexe polo Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril, de medidas urxentes de impulso á internacionalización, polos preceptos deste Estatuto, e polas demais disposicións que lle sexan de aplicación.

2. O ICEX goza de personalidade xurídica pública diferenciada, plena capacidade xurídica e de obrar, autonomía de xestión para o cumprimento dos seus fins, e patrimonio e tesouraría propios e independentes dos do Estado.

3. O ICEX queda adscrito ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, a través da Secretaría de Estado de Comercio Exterior, que exercerá respecto ao organismo a dirección, a avaliación da súa actividade e o control de eficacia e resultados deste.

##### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

O ICEX, conforme establece o Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril, de medidas urxentes de impulso á internacionalización, estará suxeito ao dereito privado, excepto na formación da vontade dos seus órganos, no exercicio de potestades administrativas que teña atribuídas e naqueloutros aspectos en que así se estableza especificamente neste real decreto ou resulte do previsto para as entidades públicas empresariais tanto na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, como na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e demais normativa orzamentaria que lle sexa de aplicación.

### CAPÍTULO II

#### Fins e funcións

##### Artigo 3. *Fins.*

1. No marco da política económica do Goberno, o ICEX ten como fins a promoción da internacionalización da empresa española e a mellora da súa competitividade.

2. O ICEX impulsará a internacionalización das empresas españolas, en especial das pequenas e medianas empresas (pemes), en todas as fases do seu proceso de internacionalización, a través da prestación daqueles servizos, programas, apoios económicos, instrumentos de información, financiamento ou asesoría que en cada momento se lle requiran.

3. Nas actuacións que desenvolva, o ICEX prestará particular atención á colaboración con outros organismos públicos e privados e entidades que compartan co ICEX a finalidade de apoiar a internacionalización empresarial.

##### Artigo 4. *Funcións.*

Atribúense ao ICEX as seguintes funcións:

a) Elaborar propostas estratéxicas e definir prioridades por sectores e mercados para a internacionalización da empresa española, de acordo coas directrices da Secretaría de Estado de Comercio Exterior. Diseñar e ofrecer instrumentos de apoio para este fin e executar as accións correspondentes.

b) Promover unha oferta integrada de servizos a empresas que incorpore as distintas entidades implicadas na internacionalización, colaborando con outras administracións públicas, entidades privadas e organizacións empresariais representativas, tanto na planificación e no deseño das accións de apoio á internacionalización como na súa execución.

c) Apoiar os proxectos de internacionalización das empresas españolas e a súa implantación en mercados exteriores mediante servizos, préstamos ou outros instrumentos financeiros reembolsables, axudas e calquera outro instrumento xestionado polo ICEX que faciliten o acceso da empresa aos ditos mercados.

d) Desenvolver accións colectivas de internacionalización para grupos de empresas en colaboración, se for o caso, coas organizacións representativas das empresas e outras entidades públicas e privadas, fomentando particularmente a cooperación empresarial.

e) Apoiar a participación das empresas españolas en feiras e eventos internacionais de maneira que se optimicen estas actividades, tanto en termos de resultados comerciais para as empresas como de mellora da imaxe empresarial de España no exterior.

f) Desenvolver, co apoio do sector privado, cantas accións se consideren necesarias e oportunas a favor da imaxe das empresas, produtos, servizos, marcas e tecnoloxías españolas.

g) Prestar os servizos de información e asesoramento necesarios para a toma de decisións das empresas e axentes implicados na promoción da internacionalización, así como proporcionar información sobre a oferta española ás empresas e axentes estranxeiros. Desenvolver cantas accións sexan necesarias para potenciar a intelixencia empresarial dos clientes do Instituto.

h) Prover unha oferta formativa que facilite á empresa un mellor coñecemento e aproveitamento das oportunidades nos mercados exteriores, así como programas de capacitación de futuros profesionais orientados á área internacional da empresa.

i) Sensibilizar e apoiar as empresas na súa iniciación á internacionalización, con atención preferente ás pemes e ás empresas innovadoras.

j) Prestar servizos, con carácter personalizado e á medida das súas necesidades, ás empresas e a outros axentes públicos e privados involucrados na internacionalización para facilitar o acceso da empresa española aos mercados exteriores.

k) Desenvolver as funcións de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos organismos e entidades dependentes dela, para os traballos que se lle encomenden en relación coa internacionalización da empresa española.

l) Cooperar con outras institucións nacionais, estranxeiras e multilaterais con intereses no ámbito da internacionalización, asegurando unha adecuada coordinación cos ministerios competentes.

m) Calquera outra actuación que o Instituto considere necesaria ou conveniente para impulsar a internacionalización da empresa española ou que lle poida ser encomendada polo órgano de adscrición, a Secretaría de Estado de Comercio Exterior, ou polo Goberno para este fin.

n) Calquera outra función que se lle atribúa legal ou regulamentariamente.

## CAPÍTULO III

### Organización e funcionamento

#### *Sección 1.<sup>a</sup> Órganos reitores e de goberno*

#### Artigo 5. *Órganos reitores.*

1. O ministro de Industria, Turismo e Comercio, como responsable do ministerio de adscrición do ICEX, ten atribuídas as seguintes competencias, sen prexuízo das

asignadas na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado como ministro:

- a) Exercherà o control de eficacia do ICEX.
- b) Proporá ao Consello de Ministros o nomeamento do seu conselleiro delegado.
- c) Nomeará os directores xerais do ICEX.
- d) Nomeará os vogais do Consello de Administración do ICEX.
- e) Desempeñará a presidencia do seu Consello de Orientación Estratéxica e nomeará os seus membros.

2. Os órganos de goberno do ICEX son: o presidente, o Consello de Administración e o conselleiro delegado. Os actos e resolucións do presidente e do Consello de Administración esgotan a vía administrativa.

#### Artigo 6. *Presidente.*

Corresponden ao presidente do ICEX e máximo órgano do Instituto, que será o secretario de Estado de Comercio Exterior, as seguintes funcións:

- a) Desempeñar a representación legal do ICEX, sen prexuízo do previsto no artigo 10.2.b), e velar pola consecución dos fins encomendados ao Instituto Español de Comercio Exterior e asegurar o cumprimento dos acordos adoptados polo Consello de Orientación Estratéxica e o Consello de Administración.
- b) Acordar a convocatoria e a orde do día e presidir as sesións ordinarias e extraordinarias do Consello de Administración.
- c) Propor ao ministro de Industria, Turismo e Comercio os nomeamentos do conselleiro delegado e dos directores xerais.
- d) Acordar os nomeamentos e, se for o caso, cesamentos, do secretario xeral e do seu persoal directivo por proposta do conselleiro delegado, do que deberá ser informado o Consello de Administración.
- e) Aprobar a estrutura orgánica básica do ICEX, oído o Consello de Administración.
- f) Render contas como contadante.
- g) Resolver os recursos, pondo fin á vía administrativa, que se interpoñan contra resolucións do conselleiro delegado ditadas no exercicio das potestades administrativas que teña atribuídas.

#### Artigo 7. *Consello de Administración.*

1. Formarán o Consello de Administración do ICEX o presidente, o conselleiro delegado e trece vogais, que serán nomeados polo ministro de Industria, Turismo e Comercio.

2. O secretario de Estado de Comercio Exterior exercerá como presidente do Consello de Administración e o conselleiro delegado como o seu vicepresidente.

3. Dez vogais serán nomeados en representación da Administración xeral do Estado, deberán ter categoría mínima de subdirector xeral ou asimilado e pertencer a ministerios cuxo ámbito de actuación presente unha maior vinculación cos fins do Instituto. Deles, a metade polo menos deberán pertencer ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

4. Tres vogais serán nomeados da seguinte maneira: un en representación da Confederación Española de Organizacións Empresariais, un en representación do Consello Superior de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de España e un en representación das comunidades autónomas. Este vogal será designado por proposta do órgano de cada comunidade autónoma con competencias en comercio exterior e rotará anualmente entre as seis comunidades autónomas con maior volume de exportacións.

5. Asistirá ás sesións do Consello de Administración un secretario non conselleiro, con voz pero sen voto, que o será tamén do Consello de Orientación Estratéxica e que pertencerá ao corpo de avogados do Estado. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade designarase un suplente temporal por acordo do Consello de Administración.

#### Artigo 8. *Funcionamento do Consello de Administración.*

1. O Consello de Administración reunirse, logo de convocatoria do seu presidente, cando este o xulgue necesario para o bo funcionamento do ICEX e, polo menos, unha vez cada trimestre. O Consello de Administración tamén se poderá reunir por petición de dous terzos dos seus membros.

2. En caso de ausencia, vacante, enfermidade ou outro impedimento legal do presidente do Consello de Administración, este será suplido no exercicio destas funcións polo conselleiro delegado.

3. A convocatoria do Consello de Administración, salvo en casos de urxencia apreciada polo seu presidente, cursarase, polo menos con 72 horas de antelación, fixando a orde dos asuntos que se van tratar.

4. O Consello de Administración quedará validamente constituído cando concorran á reunión, presentes ou representados, a metade máis un de todos os seus compoñentes.

5. Os acordos tomaranse por maioría dos conselleiros presentes ou representados. En caso de empate, o presidente do Consello de Administración terá voto de calidade.

6. Das sesións elaborárase acta, que se poderá aprobar na propia sesión a que se refire ou na seguinte, a partir de cuxo momento terá forza executiva. A acta será asinada polo secretario co visto e prace do presidente do Consello de Administración.

#### Artigo 9. *Funcións do Consello de Administración.*

1. Corresponderán ao Consello de Administración as seguintes funcións:

a) Aprobar o Plan Estratéxico do Instituto Español de Comercio Exterior, por proposta do conselleiro delegado e logo de informe do Consello de Orientación Estratéxica.

b) Aprobar, por proposta do conselleiro delegado, o programa de actuación plurianual, integrado polos estados financeiros e a documentación complementaria prevista no artigo 65 da Lei xeral orzamentaria.

c) Aprobar, por proposta do conselleiro delegado, o anteproxecto de orzamentos de explotación e capital do ICEX e eleválos ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio para a súa tramitación conforme o establecido na Lei xeral orzamentaria.

d) Aprobar, por proposta do conselleiro delegado, as contas anuais, o informe de xestión e a aplicación da conta de perdas e ganancias do ICEX en cada exercicio económico.

e) Aprobar, por proposta do conselleiro delegado, a participación en sociedades mercantís ou empresas nacionais ou estranxeiras, cuxo obxecto estea relacionado cos fins do ICEX, determinando o seu importe, forma e condicións.

f) Autorizar as operacións de crédito e demais operacións de endebedamento que poidan convir ao ICEX, por proposta do conselleiro delegado, así como aprobar toda clase de programas de apoio e operacións financeiras, todo isto cos límites que se establezan nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

g) Aprobar, se for o caso, os actos de disposición de bens e fondos propios, os investimentos, os contratos e os pactos ou convenios que propoña o conselleiro delegado do ICEX.

h) Aprobar os cadros de persoal e o réxime retributivo do persoal, logo de informe favorable dos ministerios de Economía e Facenda e de Política Territorial e Administracións Públicas.

2. O Consello de Administración poderá delegar as súas competencias no conselleiro delegado, con excepción das sinaladas nas letras a) b) c) e d). Así mesmo, establecerá os límites por debaixo dos cales corresponderá ao conselleiro delegado o exercicio das funcións previstas nas letras e), f) e g).

Artigo 10. *O conselleiro delegado.*

1. O conselleiro delegado será nomeado, e se é o caso separado, por real decreto acordado en Consello de Ministros por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio. Estará afectado polo réxime de incompatibilidade da Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

2. Corresponderá ao conselleiro delegado a execución dos acordos adoptados polos demais órganos de goberno do ICEX. Así mesmo, corresponderanlle as seguintes funcións:

a) O exercicio efectivo da dirección, administración e xestión ordinaria do ICEX de conformidade co disposto nestes estatutos.

b) Exercer a facultade de representación do ICEX, en xuízo e fóra del, en calquera acto ou contrato e ante toda persoa ou entidade, pública ou privada. Poderá conferir e revogar poderes xerais, especiais ou para a representación en xuízo do Instituto.

c) Exercer a xefatura superior de todos os servizos do ICEX asumindo a súa dirección, impulso e inspección para o cal adoptará, seguindo as orientacións fixadas polos órganos de goberno en uso das súas competencias, criterios de actuación e a normativa interna para o seu funcionamento ordinario. En particular, elaborará as iniciativas de avaliación dos programas e instrumentos do ICEX.

d) Exercer a xefatura superior de persoal do Instituto e contratar o persoal da entidade.

e) Formular as contas anuais, presentar os estados financeiros e a liquidación dos orzamentos de explotación e capital do Instituto para a súa aprobación polo Consello de Administración, así como preparar as demais propostas que en materia de xestión económico-financeira deban ser sometidas ao Consello de Administración.

f) Aprobar os gastos, os actos de disposición de bens e fondos propios e os contratos, pactos ou convenios, programas de apoio e operacións financeiras de acordo coas delegacións e os límites que estableza o Consello de Administración e a lexislación vixente que corresponda.

g) Calquera outra función necesaria para a xestión ordinaria do ICEX, así como as que expresamente lle delegue o presidente ou o Consello de Administración.

3. O conselleiro delegado será suplido en caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outro impedimento legal polo director xeral que designe o presidente.

Artigo 11. *Centros directivos e de coordinación.*

1. Dependentes do conselleiro delegado encóntranse os dous seguintes centros directivos, con atribución das súas correspondentes funcións:

a) Dirección Xeral de Servizos á Empresa.

Servizos dirixidos a empresas en materia de iniciación na exportación, formación empresarial, información económica e comercial, asesoramento e acceso a mercados exteriores, tanto no campo do comercio de bens e servizos como nos investimentos de empresas españolas no exterior.

b) Dirección Xeral de Promoción Internacional.

Organización de feiras, misións comerciais, xornadas técnicas e outros eventos de promoción comercial e de imaxe de España no exterior, tanto colectivos como de apoio a

empresas individuais, dirixidos tanto á exportación de bens e servizos como á execución de proxectos, á cooperación tecnolóxica, industrial e comercial internacional e á participación das empresas en licitacións internacionais.

2. Os titulares destes centros directivos serán nomeados, e se é o caso separados, por orde do ministro Industria, Turismo e Comercio, e deberá ser informado posteriormente o Consello de Administración. Estarán afectados polo réxime de incompatibilidade establecido pola Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos altos cargos da Administración xeral do Estado.

3. O ICEX contará así mesmo cunha Secretaría Xeral, que coordinará as actividades administrativas das distintas unidades e cantas funcións lle asigne o conselleiro delegado, que actuará como interlocutor, nestas materias, dos directores da rede territorial e exterior da Secretaría de Estado de Comercio Exterior.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Órgano consultivo*

#### *Artigo 12. Consello de Orientación Estratéxica.*

1. O Consello de Orientación Estratéxica é un órgano de reflexión e debate sobre a estratexia do ICEX, que propondrá a súa orientación e liñas de actuación, procurando o máximo consenso coas prioridades do sector privado e das restantes institucións públicas e privadas implicadas na internacionalización empresarial.

2. Será presidido polo ministro de Industria, Turismo e Comercio e estará integrado polo secretario de Estado de Comercio Exterior, o conselleiro delegado, dez vogais procedentes do sector privado que contén con recoñecida experiencia e prestixio no campo económico e nos sectores exportadores, dez vogais en representación das comunidades autónomas, dez vogais en representación da Administración xeral do Estado e un secretario, coas especificacións establecidas no artigo 7.5.

3. No suposto de ausencia, vacante, enfermidade ou outro impedimento legal do presidente, este será suplido no exercicio destas funcións polo secretario de Estado de Comercio Exterior e, no seu defecto, polo conselleiro delegado do ICEX.

4. Os vogais serán nomeados polo presidente do Consello de Orientación Estratéxica por período de dous anos, renovables por períodos iguais sucesivos.

5. Os vogais procedentes do sector privado serán designados da seguinte maneira: tres en representación e propostos polo Consello Superior de Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de España, a Confederación Española de Organizacións Empresariais e a Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa respectivamente, e sete como representantes de sectores prioritarios da internacionalización empresarial.

6. Os vogais en representación das comunidades autónomas serán designados por proposta do órgano de cada comunidade autónoma con competencias en comercio exterior da seguinte maneira: un por cada unha das seis comunidades autónomas con maior volume de exportacións e os outros catro en representación do resto, para o cal se establecerá un procedemento rotatorio que atenderá, por un lado, ao criterio de maior volume de exportación e, por outro, a que as comunidades autónomas non estivesen representadas no Consello de Orientación Estratéxica en períodos anteriores.

7. Os vogais en representación da Administración xeral do Estado deberán ter categoría mínima de director xeral ou asimilado e pertencer a aqueles ministerios cuxo ámbito de actuación presente unha maior vinculación cos fins do Instituto.

8. O secretario efectuará a convocatoria das sesións por orde do presidente e elaborará acta das sesións. Ademais, exercerá cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de secretario. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade do secretario designarase un suplente por acordo do Consello de Orientación Estratéxica.



Artigo 13. *Funcionamento do Consello de Orientación Estratéxica.*

1. O Consello de Orientación Estratéxica reunirse, logo de convocatoria do seu presidente, cando este o xulgue necesario e, polo menos, catro veces ao ano.
2. A convocatoria do consello cursarase, polo menos, con 72 horas de antelación, fixando a orde dos asuntos que se van tratar.
3. Os acordos serán adoptados por maioría de votos dos membros asistentes.
4. Das sesións elaborárase acta, que será asinada polo secretario co visto e prace do presidente e que se poderá aprobar na propia sesión a que se refire ou na seguinte.

Artigo 14. *Funcións do Consello de Orientación Estratéxica.*

O Consello de Orientación Estratéxica terá as seguintes funcións:

- a) Orientar e propor os principios xerais de dirección estratéxica e prioridades de actuación do ICEX e trasladalos ao Consello de Administración.
- b) Promover unha estreita colaboración e complementariedade entre as actuacións do ICEX e as similares desenvolvidas polas organizacións representativas do sector privado e polas comunidades autónomas.
- c) Emitir informe sobre o Plan Estratéxico do ICEX proposto polo conselleiro delegado, previamente á súa aprobación polo Consello de Administración.
- d) Aprobar a Memoria anual de actividades desenvolvidas ao longo do exercicio e realizar o seguimento dos obxectivos do Plan Estratéxico e principais resultados dos programas de actuación.
- e) Contribuír a que as actuacións do ICEX se adecuen ao cumprimento dos seus obxectivos e funcións.

*Sección 3.ª Centros de actuación*

Artigo 15. *Centros de actuación do ICEX.*

1. As actividades que o ICEX desenvolva no interior realizaranse a través dos seus servizos centrais en Madrid e das direccións territoriais e provinciais de comercio da Secretaría de Estado de Comercio Exterior do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. Conforme o previsto no artigo 2.8 do Real decreto 1226/2010, do 1 de outubro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, os directores territoriais e provinciais de comercio exercerán como directores do ICEX nas súas respectivas demarcacións territoriais e asumirán as funcións de dirección e coordinación das actividades do ICEX nestas, sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas como propias pola Secretaría de Estado de Comercio Exterior.
2. As actuacións que o ICEX desenvolva no exterior realizaranse a través das consellerías e agregadorías económicas e comerciais das misións diplomáticas permanentes de España no exterior. Conforme o previsto no artigo 2.9 do Real decreto 1226/2010, do 1 de outubro, os conselleiros económicos e comerciais ou, se for o caso, os agregados comerciais, exercerán como directores do ICEX nas súas respectivas demarcacións territoriais e asumirán funcionalmente os labores de dirección, execución e coordinación das citadas actuacións do ICEX, sen prexuízo das facultades que teñan atribuídas como propias pola Secretaría de Estado de Comercio Exterior.
3. O ICEX contribuirá aos gastos de funcionamento das redes exterior e territorial mediante os correspondentes acordos entre o ICEX e a Secretaría de Estado de Comercio Exterior.

## CAPÍTULO IV

**Persoal ao servizo do ICEX***Artigo 16. Réxime de persoal non directivo.*

1. O persoal do ICEX rexerá polo dereito laboral, coas especificacións contidas na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, en todo aquilo que lle sexa de aplicación. Tamén lle será aplicable o réxime de incompatibilidades previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

2. A determinación e modificación das condicións retributivas do persoal non directivo do ICEX axustarase ao disposto no artigo 55 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e demais disposicións en materia de gastos de persoal que lles resulte de aplicación.

3. O persoal non directivo ao servizo do ICEX será seleccionado mediante convocatoria pública baseada nos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, todo isto de acordo co disposto no artigo 55 da referida Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

Así mesmo, resultarán de aplicación á selección deste persoal os principios reitores, requisitos xerais de acceso, órganos de selección e sistemas selectivos previstos na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

*Artigo 17. Persoal directivo e directores adxuntos.*

1. O persoal directivo do ICEX realizará funcións directivas profesionais, consistentes na planificación e coordinación de actividades propias dun ámbito concreto de actuación, a xestión do orzamento asignado, o establecemento de obxectivos e o control do seu cumprimento e a dirección de equipos de traballo. No ICEX só terán esta consideración os directores de división e os subdirectores.

2. O persoal directivo desempeñará o seu cargo con dedicación absoluta, plena independencia e total obxectividade, e someterase no desenvolvemento dos seus labores a avaliación conforme os criterios de eficacia, responsabilidade pola súa xestión e control de resultados. Deberá observar os deberes de dilixencia, discreción e sxiilo profesional no desempeño do seu cargo. Tamén lle será aplicable o réxime de incompatibilidades previsto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

3. Os directores de división, entre os que se inclúe o secretario xeral, e os subdirectores serán nomeados, e se é o caso separados, polo presidente do ICEX, por proposta do conselleiro delegado, atendendo á súa experiencia e cualificación persoal, do que deberá ser informado o Consello de Administración, e quedarán sometidos ao réxime laboral especial de alta dirección.

4. Os funcionarios da Administración xeral do Estado que cubran destino como persoal directivo no ICEX quedarán en situación administrativa de servizos especiais, de conformidade co establecido no Real decreto lei 4/2011, do 8 de abril.

5. Os directores adxuntos do ICEX realizarán funcións de seguimento, control e avaliación da xestión operativa dunha área promocional ou de información. Serán nomeados polo conselleiro delegado, e quedarán sometidos a unha relación laboral de carácter común. Para tal efecto poderanse subscribir pactos individuais que serán recollidos nos seus respectivos contratos de traballo.

6. A designación do persoal directivo e dos directores adxuntos realizarase mediante os procedementos regulados pola normativa interna do ICEX que, en todo caso, garantirán os principios de mérito e competencia profesional, así como a publicidade e a concorrencia.

7. A determinación e modificación das condicións retributivas, tanto do persoal directivo como dos directores adxuntos do ICEX, axustarase ao disposto no artigo 55 da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, e demais disposicións en materia de gastos de persoal que lles resulte de aplicación.

## CAPÍTULO V

### Réxime económico-financiero e patrimonial

#### *Sección 1.ª Recursos económicos*

##### Artigo 18. *Recursos.*

Os recursos económicos do ICEX estarán integrados:

- a) Polos bens e valores que constitúan o seu patrimonio.
- b) Polos produtos e rendas do seu patrimonio, así como os que a partir da entrada en vigor deste Estatuto poidan ser incorporados e adscritos por calquera persoa ou entidade e por calquera título.
- c) Polos ingresos ordinarios e extraordinarios xerados polo exercicio da súa actividade empresarial.
- d) Polas consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- e) Polas transferencias correntes e de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.
- f) Polos créditos e préstamos que poida recibir como prestameiro, dentro dos límites que lle autorice a Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio, salvo que se trate de operacións de crédito que se concerten e cancelen no mesmo exercicio orzamentario.
- g) Polos xuros devengados, procedentes das operacións financeiras que outorgue.
- h) Polas doazóns, legados e outras achegas procedentes de entidades públicas, privadas e de particulares.
- i) Por calquera outro recurso que lle poida ser atribuído ou que se poida integrar dentro do seu patrimonio.

#### *Sección 2.ª Réxime económico-financiero*

##### Artigo 19. *Elaboración do orzamento.*

1. O ICEX elaborará anualmente o seu orzamento de explotación e de capital e o programa de actuación plurianual, coa estrutura que sinala o Ministerio de Economía e Facenda, que, unha vez aprobado polo Consello de Administración, será tramitado na forma establecida pola Lei xeral orzamentaria para as entidades públicas empresariais.

2. O anteproxecto de orzamentos de explotación e de capital xunto cos programas de actuación plurianual serán remitidos telematicamente polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ao Ministerio de Economía e Facenda. Os orzamentos de explotación e de capital integraranse nos orzamentos xerais do Estado.

##### Artigo 20. *Modificacións orzamentarias.*

1. O réxime de modificacións orzamentarias será o establecido, con carácter xeral, na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para as entidades públicas empresariais.

2. A competencia para autorizar as modificacións orzamentarias que non estean reguladas polo sinalado na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, corresponderá ao Consello de Administración.

#### Artigo 21. *Contas anuais.*

1. As contas anuais, nas cales se deberá incluír a proposta de aplicación de resultados, xunto ao informe de xestión e ao informe a que se refire o artigo 129.3 da Lei xeral orzamentaria, serán formuladas e postas á disposición da Intervención Xeral da Administración do Estado polo conselleiro delegado no prazo máximo de tres meses desde o peche do exercicio económico.

2. As contas anuais auditadas e o informe de xestión serán aprobados polo Consello de Administración antes de finalizar o primeiro semestre seguinte ao peche do exercicio a que se refiran e serán remitidos polo presidente do ICEX á Intervención Xeral da Administración do Estado antes do 31 de xullo, xunto co informe relativo ao cumprimento das obrigas de carácter económico-financeiro que regula o artigo 129.3 da Lei xeral orzamentaria.

#### Artigo 22. *Aplicación de resultados.*

O resultado do exercicio que dea anualmente a conta de perdas e ganancias do ICEX aplicarase conforme a seguinte orde de prelación:

- a) Á compensación de perdas de exercicios anteriores.
- b) A constituír as reservas voluntarias que por proposta do Consello de Administración do Instituto autorice o Ministerio de Economía e Facenda.
- c) Ao seu ingreso no Tesouro Público.

#### Artigo 23. *Operacións financeiras.*

O ICEX poderá realizar todo tipo de operacións financeiras reembolsables e, en particular, concertar operacións de activo e pasivo, de crédito, de préstamo, mesmo participativo, calquera que sexa a forma en que se instrumenten, todo isto conforme o establecido na Lei xeral orzamentaria e de acordo cos límites legalmente establecidos.

#### Artigo 24. *Contabilidade.*

O ICEX estará sometido ao Plan Xeral de Contabilidade da empresa española, previsto no artigo 121 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para as entidades públicas empresariais.

#### Artigo 25. *Inventario.*

O ICEX formará e manterá actualizado o inventario dos seus bens e dereitos, que debe ser actualizado anualmente.

#### Artigo 26. *Control financeiro.*

O ICEX está sometido a control interno pola Intervención Xeral da Administración do Estado nas condicións e nos termos que establece a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, para as entidades públicas empresariais. Todo isto sen prexuízo do control que corresponda ao Tribunal de Contas.

## Sección 3.<sup>a</sup> Réxime patrimonial

### Artigo 27. *Patrimonio.*

1. O patrimonio do ICEX estará integrado polos bens e dereitos da súa titularidade. Ao ICEX poderánselle adscribir bens do patrimonio do Estado, de conformidade co previsto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

2. O ICEX poderá participar en sociedades mercantís, cando isto sexa necesario para a consecución dos seus fins.

### Artigo 28. *Xestión patrimonial.*

O ICEX axustará a xestión do seu patrimonio á Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.

## CAPÍTULO VI

### Réxime de contratación e actuacións como medio propio

### Artigo 29. *Contratación.*

1. A contratación do ICEX suxeitarase ás prescricións da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, nos termos que resulten aplicables á súa natureza de entidade pública empresarial e á súa condición de medio propio instrumental.

2. Os contratos que celebre o ICEX terán a consideración de contratos privados e as controversias que xurdan en relación con eles resolveranse conforme o previsto no artigo 21 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

### Artigo 30. *Medio propio.*

1. O ICEX actuará como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado e dos organismos e entidades dependentes dela, que teñan a consideración de poder adjudicador, en todo o relacionado cos programas e proxectos vinculados coa internacionalización da empresa española recollidos no artigo 4 deste estatuto, e estará obrigado a realizar os traballos que lle encomenden de acordo coas instrucións fixadas polo encomendante.

Os diferentes departamentos ministeriais da Administración xeral do Estado e dos organismos e entidades dependentes dela poderán encomendar ao ICEX os traballos e actividades que precisen para o cumprimento das súas competencias e funcións, así como as que resulten complementarias e accesorias conforme o réxime establecido neste estatuto.

2. As actuacións que lle sexan encomendadas ao ICEX estarán definidas, segundo os casos, en proxectos, memorias ou outros documentos técnicos, e valoradas no seu correspondente orzamento, de acordo coas tarifas ou retribucións fixadas polo secretario de Estado de Comercio Exterior.

Antes de formular a encomenda, os órganos competentes aprobarán os ditos documentos e realizarán os preceptivos trámites técnicos, xurídicos, orzamentarios e de control e aprobación do gasto. A encarga de cada actuación obrigatoria será comunicada formalmente polo encomendante, e farase constar, ademais dos antecedentes que procedan, a súa denominación, o prazo de realización, o seu importe, a partida orzamentaria correspondente e, se for o caso, as anualidades en que se financie coas súas respectivas contías, así como o director designado para a actuación que se vai realizar. Tamén lle será facilitado o documento en que se defina a dita actuación, co seu orzamento detallado.

A comunicación en que se encomende unha actuación ao ICEX suporá a orde para iniciala. O ICEX realizará as súas actuacións conforme o documento de definición que o

órgano ordenante lle facilite e seguindo as indicacións do director designado para cada actuación.

Para velar pola adecuada realización das actividades obxecto da encomenda constituirase, para cada proxecto, unha comisión de seguimento da cal formarán parte, polo menos nun cincuenta por cento, os representantes do órgano encomendante. Corresponde á comisión de seguimento resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir, así como precisar ou modificar as actuacións que se vaian realizar, sempre que non supoña alteración substancial do obxecto da encomenda.

3. As encomendas de xestión retribuiranse mediante tarifas suxeitas ao réxime previsto no parágrafo seguinte, e comportarán a potestade, para o órgano que confire a encarga, de ditar as instrucións necesarias para a súa execución.

4. A tarifa ou retribución da encomenda deberá cubrir o valor das prestacións encargadas, tendo en conta para o seu cálculo os custos directos e os indirectos, e unha porcentaxe de marxe razoable, que poderá oscilar en función dos volumes contratados ou outras circunstancias obxectivamente atendibles de acordo cos mercados correspondentes. Quedará excluída, en todo caso, calquera partida que poida ter a consideración de axuda pública.

5. As relacións do ICEX coa Administración xeral do Estado e cos seus organismos e entidades dependentes, na súa condición de medio propio e servizo técnico, teñen natureza instrumental e non contractual polo que, para todos os efectos, son de carácter interno, dependente e subordinado.

6. O ICEX non poderá participar en licitacións públicas convocadas pola Administración xeral do Estado e polos seus organismos e entidades dependentes que teñan a consideración de poder adxudicador e dos que sexa medio propio, sen prexuízo de que cando non concorra ningún licitador se poida encargar da execución da prestación obxecto destas.

7. O ICEX estará suxeito, nos seus contratos con terceiros, á Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, nos termos previstos no artigo 29, sen prexuízo da súa configuración como medio propio para os efectos dos artigos 4.1.n) e 24.6 da citada lei.

8. Finalizada a actuación, realizarase o seu recoñecemento e comprobación nos termos legalmente establecidos, expedirase o documento correspondente e procederase á súa liquidación no prazo dos seis meses seguintes.